
CRÓNICA

MULLERES

Ursula Heinze



María Casares, Margarita Ledo, Ana Kiro,
Victoria Armesto, María Moreira, Mercedes Ruibal,
María Xosé Queizán, Maruxa Villanueva


XERAIS

Capa: Miguel Vigo
Fotografía da capa: Xurxo Lobato

© Ursula Heinze
© Edicións Xerais de Galicia, S.A.
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO.
ISBN: 84-7507-515-0
Depósito Legal: VG. 18-1991
Fotocomposición: Marín (Vigo)
Impreso en Rainho Neves Lda.
4520 Santa María da Feira - Portugal

Loitei toda a miña vida

Margarita Ledo Andión





Aproveitei o paso de Margarita unha fin de semana por Vigo e Santiago para falar con ela. Aceptou a miña invitación de seguida e sen pór reparos. Citámonos no café "Derby" de Santiago.

Margarita, vestida cunha capa negra preciosa, non fallou, mais fallou a súa voz. Estaba totalmente rouca. Nin auga, nin té, nin limón axudaron e decidimos ir á miña casa para busca-lo remedio dentro do posible. Unhas pastillas produciron unha lixeira melloría e Margarita, decidida e disposta a non perde-lo tempo, botou a falar cunha vociña que ía cada vez a menos.

Nacín en Castro de Rei, unha vila pequeniña da Terra Cha, unha desas vilas que acabou nos anos cincuenta, case cando eu nacín, e que tivera unha mina e que tiña concello e un xulgado e que, coma en tódalas vilas, sabías do seu depauperamento porque as feiras ían esvaendo. As xentes, nos sesenta, marchaban para a refinería da Coruña, ou para Barcelona.

Castro de Rei comezouse a despoboar. Hoxe ten douscentos habitantes. Se hai casas abertas, é porque hai unha soa persoa a termar delas. Por exemplo, miña nai é a persoa que mantén aberta a nosa casa, e iso que eramos seis irmáns. Eu son a máis pequena de todos. Os tres que me seguen a min son homes. Fixen as miñas relacións de infancia con nenos. Quizais por iso sempre fixen vida fóra da casa. Ben pensado, no meu ánimo sempre estivo o plan de fuga. Recordo os xogos cos meus irmáns, xeitos de brincar, algúns moi imaxinativos: "a man negra", as chapas... Montabamos obras de teatro nun garaxe. Como era moi pequena, tocábame só mirar, e afíxenme a mirar.

A miña paixón visual virá de aí. Para min era un pracer ollar,

no San Froilán, como se convertía o azucre en algodón a través dun funil que xiraba a toda mecha, ou parar diante do moble de cartoné que nunha farmacia dos Cantóns, na Coruña, anunciaba unhas pastillas anti-mareo con dous homes acaneando nunha dorna. Por certo, para andar polo río os nenos de Castro de Rei fixeran unha barca, pero como non lle puxeran quenlla, a nada que un se movese daba a volta. Por Castro de Rei pasaban moitos pequenos circos ambulantes, con contorsionistas, e tamén cinema, películas de ladróns que se pasaban no local do Correo vello. Cadaquén tiña que levar da súa casa a cadeira para se sentar.

Faciamos simulacro de vender cousas. Metiámonos no cemiterio a fumar. Saïamos de merenda cun bocadillo de sardiñas... Recordo moito o bocadillo de aceite con sardiñas ou de manteiga con azucre.

Un dos meus irmáns era moi mañoso. Fixo unha especie de carricoche con restos de caixóns e ferralla, e con este enxeño baixabámo-las costas, mesmo a do río, tentabámo-la sorte. Era todo un pouco coma ir construíndo os propios enredos, coma ir buscando as propias situacións de entretemento.

Eu teño na lembranza unha infancia realmente moi feliz. O único incidente un pouco forte foi unha caída ó río en inverno. Colléronme unhas lavandeiras, senón, posiblemente naquel momento podería ter afogado. E non me importou tanto caer ó río –arrepuxárame un dos meus irmáns– como que ó chegar á casa miña nai non me fixese caso: púxome a enxoitar no vertedeiro e estiven alí escorrendo coma unha peza de roupa. Non daba chamado a atención e isto foi o que máis me amolou.

Ía á escola a uns poucos quilómetros, a unha escola rural. Meu pai fora seguidor de Esquerda Republicana, traballaba no Concello e non se relacionaba cos mestres, que, por suposto, eran fascistas, relixiosamente fascistas. Mandáronnos á escola de Barxa, a uns dous quilómetros. Unha experiencia moi bonita. Era unha escola mixta. En troques, na de Castro de Rei separaran as nenas dos nenos. Á escola rural iamos todos xuntos, meus irmáns e mais eu, e voltabamos xuntos.

Meu pai era un home cunha lesión cardíaca e erguíase tarde. Eu, de pequena, metíame na cama con el e con el aprendín a ler libros na cama. Traíame aqueles libros dunha colección xuvenil, cunhas pastas verdes, chamada "Colección Juvenil-Cadete". Lin *Robin Hood*, *Ivanhoe*, *Mujercitas*, *La pequeña Dörrit*, todo ese tipo de literatura. Aprendín a ler con meu pai os libros de literatura xuvenil e mailos xornais. Porque el lía o xornal tódolos días, entón eu afíxenme igualmente a lelos.

Todos eses recordos significan para min "a miña casa". Non teño máis casa cá de Castro de Rei, aínda que non fun unha nena caseira. Escapaba sempre que podía. Fun unha nena –dinme agora– "popular", e decidín sempre a través de accións. Unha irmá de miña nai, a miña madriña, que non tiña fillos, batallou para me levar con ela a vivir a Ourense. E levoume. Xa podes imaxina-lo que fixen: aburríame e escapei. Cheguei de volta a Castro. Eu tiña o meu mundo de estar fóra e non me adaptaba a aquela vida única e moi estricta en Ourense. Para fuxir fun observando día tras día os movementos dos trens e souben que, cando o home do bombín vermello facía soa-la campá, o tren arrincaba. Estabamos na Estación despedindo a outra tía miña e, cando soou a campá, eu peguei a correr. Decatáronse cando lles dixen adeus dende a fiestra. En Lugo, preto da Estación, paraban os Autobuses Burozos, a "liña" para Castro de Rei. Collina. Daquela tiña cáseque sete anos. Sabía irme e sabía voltar.

Ó ano seguinte miña madriña veu vivir para Lugo e dicíame miña nai:

—Se vas con tía Marita, regáloche unha boneca.

Regalábame a boneca e eu ía pola mañá na "liña" e pola tarde voltaba. Eles tentábanme enganar a min e eu a eles. Aceptaba os tratos temporalmente, e despois voltaba.

Fun bastante traste. Non era unha nena bonita, en cambio meus irmáns eran moi guapos todos. Entón eu era a pequena, e a simpática, era "do que non hai". Decateime de que, sendo a pequena e a fea, tiña que busca-lo meu mundo particular e era ese mundo "do que non hai". Puiden ser "do que non hai" porque na casa nunca me fixeron facer cousas que non quixese; crieime nunha familia moi pouco autoritaria. Non recordo, por exemplo, que me zoscasen, nin sequera me puxeron nunca a man enriba. Sempre fixen un pouco o que me deu a gana.

Destrocei vestidos tódolos días, necesitaba moverme. A imaxe máis lonxana que teño de min mesma é diante da casa, nunha pucharca, cun abrigo de ollo de perdiz. Gustábame a auga, polo que se ve, e sempre teño imaxes de inverno.

Aínda sendo nena, recibín a mesma educación cós meus irmáns. Supoño que en parte foi porque ninguén se podía ocupar de min estando eu sempre fóra. Non daban comigo.

Cando empecei a estudiar bacharelato fun para Lugo, para un colexio de monxas, onde só había nenas, claro. Quedei interna e as fins de semana pasábaas na casa. Comecei a estudiar coincidindo co lanzamento aquel das becas. Do exame lembro unha pregunta que dicía: ¿de que color é o leite dunha vaca negra? A min parecía-

me unha falta de senso formular semellante pregunta e xa nunca máis crin na institución académica. Iso pasoume ós dez anos. Déronme a beca, iso que quede claro, acertei que o leite da vaca negra é branco. Déronme a beca, mais cómpre recordar como estaba condicionada a educación: con beca tiñas que ir ou ben para un colexio da falanxe, o que había na ronda de Lugo, ou ben para un colexio de monxas. E meu pai preferiu as monxas á Falanxe por razóns obvias.

O colexio, La Milagrosa, era das Paulas. Vestían un tipo de toga enorme e levábannos ó Instituto en fila, monxa á cabeza, monxa atrás, tódalas mañás. Amais, diante do Internado tiñámo-lo cuartel de quintos San Fernando. Lembro a época das monxas como un tempo de moito autocontrol, de sobexo de observación pola miña parte. Sabías que che zurraban, se non te sometías. De feito, a min nunca me tocaron. Había que estar no estudio a reo, erguerse ás seis da mañá, unha monxa subía nunha banca e vixiaba, mentres lavabámo-los dentes, para que ó mesmo tempo rezasemos e así evitármo-los malos pensamentos. Foi un tempo completamente fóra de sentido. Resultábame tan irreal que, seguramente, a miña afección á literatura práctica vén de aí. Tomei o colexio coma unha especie de coexistencia de universos disparatados. Non conseguiron nunca enganarme e souben como menten entre as monxas, como teñen as súas preferidas. Tampouco eu conseguín enganalas: cando fixen terceiro, expulsáronme e nunca souben da razón. Seica lles resultaba incómoda, mal exemplo para as outras.

Hai un detalle que é moi significativo. Meu pai advertiulles ós meus irmáns que nunca me dixesen que me expulsaran, coidando quizais que eu o sentiría. Non souben que me expulsaron ata que morreu meu pai, catro anos despois, cando cursaba PREU. Está claro que eu tiña poucas posibilidades nas monxas.

Tiven uns pais excepcionais. Porque non era nada corrente darlle máis creto a unha filla pequena ca ás monxas, e coido que acertaron.

Ata PREU estiven noutra residencia relixiosa, mais xa en réxime externo. Rematei sen problemas. Fixen o bacharelato por ciencias. Saquei matrícula de honor en física e química e cousas así. Inclinábame a coller como carreira, por exemplo, arquitectura.

Tamén recordo dos veráns que meu pai ía a Lugo tódalas semanas e nos traía Tebeos. Para min un de nenas, que se chamaba *Mari-Noticias*, e a figura era unha periodista. Era unha xornalista moi intrépida, que daba a imaxe dunha muller como a min me gustaría ser: guapa, seductora e tal. Supoño que a inclinación cara á miña profesión vén un pouco condicionada por ese Tebeo. E teño

outra lembranza 'profesional' máis. Cando a televisión acababa de chegar, mercamos un aparato para a casa. Entón eu vin, co meu pai, unha reportaxe de De la Cuadra Salcedo atravesando o Amazonas. Entre outras cousas explicaba como enfrontarse cunha cobra valéndose unicamente dos medios existentes "a bordo": un galleto feito dunha ponla. Quedei prendada. Recordo que lle dixen ó meu pai:

—A min gustaríame ser xornalista.

Foi a primeira vez que o manifestei así, pero pode que influísen máis os Tebeos. Entón meu pai mirou para min e díxome:

—A min tamén me parece que é unha cousa que che iría ben.

De feito foi así.

Daquela había que facer un exame de ingreso para as Escolas Oficiais de xornalismo. Podíase facer xornalismo nas Escolas da Igrexa ou nas Escolas Oficiais, en Madrid ou Barcelona. Non sei a razón pola que lle dixen ó meu pai que quería ingresar na de Barcelona. Seguro que foi por se-la máis alongada da miña casa, fíxate que razoamento.

Fai unha pausa, para que lle descanse a voz un momento. Mentres tanto, prepárolle unha infusión de macela e case a teño que obrigar a tragala. Aínda que lle custa, está disposta a continuar. Eu quedo abraiada da forza de vontade desta muller. E seguimos comentando a relación entre o pai e a filla.

Estiven sempre moi vencellada a meu pai, para min foi unha persoa importantísima. De pequena levábame máis con meu pai ca con miña nai. En cambio, meus irmáns levábanse moito con miña nai. A nivel cotián tardei tempo en levarme con ela. Miña nai tiña un carácter fantasioso e á vez máis impositivo. Autoritaria non é, pero é teimosa: quería que non cortase o pelo, quería que me vestise de señorita. De cando en vez dime que foi un grande erro que non fixese Filosofía e Letras e ri antes de remata-la frase.

Meu pai foi unha figura realmente relevante para min. Cando me fun examinar de PREU, el foi comigo e tivemos un accidente de coche, no que morreu. Eu fendín unha cadeira e ese ano non puiden ir a Barcelona. Fun a Santiago facer primeiro de Comúns, vivín con dous dos meus irmáns, que estudiaban Medicina. Miña nai púxose ó mando da casa a partir dese momento e, a pesar de non contarmos xa coa fonte principal de ingresos, foi unha muller moi decidida e seguiu investindo case tódolos cartos na educación dos fillos, un rasgo de sabedoría, diría eu, de grande xinea.

Un ano despois marchei a Barcelona. Só foi posible porque meu pai xa falara de que lle gustaba que eu fixese xornalismo, senón era impensable, porque era moito máis caro e porque era a filla pequena. Con todo, contou a determinación que anteriormente expresara meu pai.

Cando fixen PREU, no 68, o ano das mobilizacións estudiantís en Santiago, un dos meus irmáns que estaba estudiando Medicina pasou pola Comisaría. Eu ía en autostop dende Lugo con outra amiga, Maricarme Muñoz, de Castroverde, en autostop para nos manifestar, e pensabamos que era a pedradas. Levárannos uns gandeiros nun land-rover.

Aquel verán do 68 paseino na Coruña, cunha curmá, para prepara-lo exame de ciencias de PREU. Suspendera en xullo, porque aquel curso tivera pandilla, e de entre a pandilla un mozo futbolista. Papei máis partidos cá Virxe Santísima e non me quedaba tempo para estudiar. A miña familia andaba abraiada con aquel meu 'refresco' futbolista, polo menos dez anos maior ca min.

Estando alá na Coruña anunciaban un recital na Casa da Cultura, un recital de Novoneyra. Eu xa oíra falar del como poeta galego. Acudín porque comezaba a estar obsesionado con que era iso do galeguismo.

Quedei asombrada pola *mise en scène* de Novoneyra e polo público, maioritariamente feminino, clase media, vestida de escuro, que non sabe que facer co seu tempo e que ten certa ilustración e certo gusto e asiste a esta clase de actos culturais.

Entón Novoneyra recitou "Vietnam Canto", dicindo que a Vietnam había que cantalo de pé e, fíxate, todas se ergueron. El recitou "Vietnam Canto" e eu case quedei sen respiración. Lembro o "Vietnam Canto" daquela como o poema que dicía: "Vietnam - Galicia pequeniña". Unha imaxe de Uxío que me quedou gravada. Considero o "Vietnam Canto" a gran poesía política contemporánea de Galicia, que foi seguida por outro poema, "Letanía de Galicia". Coido que Uxío é un gran poeta político.

Aquel verán estaba cheo de incertezas e fíxate ata onde chegou o meu grao de inxenuidade, que polo vintecinco de xullo, Día da Patria, recibira unha proclama do Consello de Galicia e tamén souben dunha convocatoria en Santiago, para unha concentración no Obradoiro dunha organización que se chamaba Estudiantes Democráticos Galegos ou algo así. Eu chamei dende Coruña á miña casa por teléfono e dixen:

—Mamá, quérome ir manifestar a Santiago.

Miña nai contestou por teléfono, sempre o recordo:

—Non vaias, que te van recoñecer para o ano que vén.

En teoría, para "o ano que vén" tiña que estudiar en Santiago. Meu pai, por outra banda, dixo:

—Déixaa ir.

Eu fun, funme manifestar. Estaba Santiago cheo de militares, tomado o Obradoiro polo da "Ofrenda", e eu intentando dar cos manifestantes sen conseguilo.

Despois en setembro funme examinar de Preu e ó retorno, preto da Coruña, tivémo-lo accidente no que morreu meu pai. Ese ano xa o pasei en Santiago facendo Comúns. Aprobei catro das cinco asignaturas, porque á quinta non me presentei, era latín. Agora síntoo, pero non fun, porque un día entrei na clase e a escena pareceume sumamente abominable: diante dunha clase chea de xente, un tipo –o profesor– falando dende unha tribuna cunha voz tenebrosa. Pechei a porta e nunca máis pisei aquela clase.

Despois trasladeime a Barcelona. A Escola de Periodismo estaba no miolo das Ramblas, entre o Barrio Chino e os paxaros e tenderetes de flores. Eramos vinte ou vintecinco alumnos, foi no curso 1969-70, o ano das mobilizacións, por exemplo, contra o Consello de Burgos. Foron realmente as miñas primeiras manifestacións e as miñas primeiras asembleas contra o Consello de Guerra de Burgos. Foi a miña primeira experiencia política. E quedei xa suficientemente marcada por dúas cousas: cando estivera hospitalizada coa cadeira rompida, inmobilizada durante dous meses, traíanme libros e lembro que me regalaron *Cousas* de Castelao. Foi un libro que me conmoveu, lino ducias de veces. Lembro case tódalas historias: "A Marquesiña", "O Pai de Migueliño"... Amais tiña referencias, porque eu vivía, á fin de contas, luíndo nun medio rural, na Galicia que Castelao reflexaba. Ese libro decidiu cal era o meu territorio. Despois veu Cataluña, que mantiña en activo o soño galeguista de ser nación con burguesía nacional. Máis tarde veu o Consello de Guerra de Burgos, con condenas a morte para militantes de ETA, e todos loitamos contra esas condenas. Nunca máis perdín estas ancoraxes.

Publico o primeiro caderno de poemas no ano 1970, escrito en 1969, cando chego a Barcelona. Escribino sen coñece-lo galego ben. Escribino en primeiro lugar para escribir en galego, en mal galego por certo, e en segundo lugar para contactar co movemento político en Galicia. Era a miña única posibilidade de dar con algo: a través da escritura. Non sabía a quen me dirixir. Non sabía moi ben galego, porque na casa non estabamos afeitos a falalo. Miña nai é filla de emigrantes en Cuba. O avó tiña un taller de carruaxes en Cienfuegos. Cando na dictadura de Machado se instalou a Ban-

ca Americana na Illa e fixo creba-la Banca Nacional Cubana os avós regresaron coas catro fillas a Galicia. Miña nai veu sendo xa unha rapaza. Estaba educada nun país hispano-falante e xogaba tamén a favor do castelán a cuestión do "status" social. Meu pai fora educado a cabalo do mundo rural e da Coruña, pero nunha familia forte. A nai de meu pai era mestra, casada na Coruña cun pequeno industrial, e nese sector coruñés falábase así mesmo castelán. Polo tanto os nenos fomos falando castelán. De tódolos xeitos o galego mantíñase como idioma vivo tamén na miña casa, porque viviamos nun medio no que se falaba galego. Relacionándonos cos veciños falabamos galego, na casa máis o castelán, e sen conciencia do conflicto lingüístico.

Máis ca nada, eu lémbrome como obrigadamente castelán-falante na época do Instituto de Bacharelato e localizo o galego como idioma opoñente. Posiblemente teña que ver Camilo Gonsar, o profesor de Filosofía que me tocou en sexto, un home moi tímido que aturaba de min proclamas en galego no encerado. Sabía de Camilo por unha compañeira miña de residencia, María Antonia, a da Galería Citania, que era un pouco maior ca min e que me falaba dos galeguistas, de que o *Azor* non ousaba atracar en Viveiro porque dominaban os antifranquistas.

Conscientemente eu practicaba o galego cando quería amolar.

Fóra desenvolvín un forte sentimento nacional e, para contactar co que puidera haber en Galicia, decidín escribir en galego. Sabía que era a única ponte para defender publicamente a bandeira do meu sentimento galeguista.

Escribín o primeiro poemario e mandeillo a Manuel María. Contestoume e foi o meu enlace co movemento político. Publicoume aquel caderno de poemas chamado *Parolar cun eu, cun intre, cun insecto*, caderniño que non ten tanto valor literario coma valor de decisión de escribir en galego. Eu non tiña necesidade ningunha de me expresar literariamente. Queríame expresar politicamente, igual que me quería manifestar, e dábame moita vergoña non poder dicir en Barcelona que coñecía organizacións nacionalistas en Galicia. En Cataluña sempre se falaba de que as había e, unha vez máis, xogaba en min a crenza no que tiña que existir.

Recordo que foi na porta do comedor universitario, onde unha colega miña, Amparo Moreno, me entregou un folleto que lle deran en Valencia: os dez puntos da UPG. Foron editados en Francia e levaban a cuberta de Raimundo Patiño. Todo iso chegou onda min en Barcelona, fíxate. A partir dese momento souben que amais existía esa organización. Significou unha das ledicias fortes da miña vida.

A estancia en Barcelona para min foi prodixiosa, primeiro porque vivía soa. Ó vivir soa teste que mover de moitas maneiras ó tempo e foi, dende logo, un cambio radical na miña vida, algo que me afectou intimamente. Fun e son unha persoa contradictoria: fago cousas moi diferentes e trato a persoas moi desiguais. Devalo en erros que me dan saída para cousas boas, mesmo no campo da investigación. Traballo moito no sentido do "erro fecundo", como din os sociólogos, no senso de que nada é un erro, senón que do erro sae un camiño para seguir adiante. Son tan contradictoria que a miña tendencia é, sendo no fondo unha persoa tímida –ninguén o diría, xa o sei–, ser extrovertida. Porén paso grandes temporadas aillada, necesito a soidade, teño que estar soa, e ó mesmo tempo, nin antes nin despois, gústame estar rodeada de xente e facer cousas, moitas cousas, e estar en constante movemento. Tiña medo por ir a Barcelona e, ó mesmo tempo, tiña que ir.

Cos meus dezasete, dezaoito anos saía da casa indecisa, pero volvía ás seis da mañá. Saía cos compañeiros da Escola e andabamos polo Barrio Chino aproveitando para facer reportaxes de Prácticas. Algúns dos locais que frecuentabamos xa desapareceron. Bailabamos tangos e habaneras no "Cádiz". Tiña medo da represión, pero manifestábame. Era o mundo no que me formei, un mundo cheo de medos e atraccións á vez.

Queda un intre calada, case xa non se lle entende nada. E ¡hala! a chupar pastillas. No fondo ela non lle dá ningunha importancia á rouqueira, a súa mente está submersa no pasado, nas lembranzas da época de estudiante en Barcelona.

Vivía cunha rapaza vasca. Eramos as dúas únicas de fóra na Escola. Todos eran cataláns, menos un rapaz de Talavera e nó-las dúas. Estudiaban moitos máis homes ca mulleres, aínda que eramos tamén unhas cantas. Pilar Iparraguirre, a vasca, e mais eu chegamos a converternos en grandes amigas. Vivimos xuntas sempre e amparámonos, nun réxime de vida moi caótico e ó mesmo tempo organizado. O feito de estarmos vivindo fóra, significaba un pouco ter que facer cousas, sabendo que entrañaban un certo risco, pero facíalas, experimentabas.

Rematei a carreira de xornalismo sen ningún problema. Xa durante a carreira estaba militando na UPG, encargada das relacións co exterior, e o exterior era Europa e os pasos de fronteira. Aquí no 1972 houbo as mortes no Ferrol e as folgas da Citroen en Vigo. Caeu o aparello central de propaganda e unha compañeira, Carmiña de Cangas, tivo que saír para fóra. Pasárona os da CNT.

Lembro que os B.R. nos deixaron na estacada.

Eu viña a Compostela sempre para a misa de Rosalía. Fun coñecendo ós galeguistas históricos. Lembro a Bouza-Brey coma unha figura elegantísima e dicíndome, mentres iamos andando cara a Santo Domingo: "*Margarita, está linda la mar y el viento...*". Comprenderás que, coma a calquera persoa que se chama Margarita, intentaran facerme aprender este poema de cativa. Contentáronse con que soubese a primeira estrofa dunha copla do Cancioneiro do Caribe, máis curta, e que, amais, cadraba coa miña maneira de ser:

Yo me llamo Margarita,
soy la flor de la canela,
cuando tenga quince años
no faltará quien me quiera.
Ni soy guapa ni soy fea
ni me pinto garabatos,
pero tengo unos ojazos
que al que lo miro lo mato.

Do outro non dei aprendido máis alá do que lle oín recitar a Bouza-Brey.

Lembro, por exemplo, que coñecín a Celso Emilio Ferreiro no bautismo dunha filla de Nemesio Barxa, que era "o noso avogado". Alí tamén coñecín a Totora, que vestía de rosa e zapatos de tacón alto. Eu quedei asombrada, porque estabamos no monte, nun bautismo druídico, e era difícil chegar con tacóns. Na casa de Chaudarcas, da familia Barxa, que é unha casa de burguesía rural, con patio interno e varanda interior, Celso Emilio tocaba unha pandeirada nunha caixa de galletas e todos recomendándome a Totora para que me dese un traballo na *Voz de Galicia*. Entón Totora agarroume polo queixo, dixo "¡que cara de meiguiña!" e desculpouse da pouca influencia que tiña na *Voz de Galicia*. Un pouco así foi o mundo naqueles anos e, claro, eu era moi nova, chocábanme cousas que comprendín máis tarde. Ó bautizo desa filla de Barxa en Ourense chegou Ferrín, que acababa de saír do Penal de Santoña, onde estivo preso.

Todo ese ambiente foi un pouco o meu mundo natural. Sempre digo que fun formada pola xeración que naceu en 1936. Os meus amigos foron persoas que agora rondan os cincuenta anos. Ou son os de trinta. Xusto os do meu tempo, os de entre trinta e cinco e corenta, sonme máis estraños. Atópoos raros, meticulosos.

Eu seguía o movemento político galego dende Barcelona e,

despois de remata-la carreira, atopei traballo no *Ideal Gallego*, na Coruña. A etapa no *Ideal Gallego* foi moi interesante, porque había un director de "Cristianos polo Socialismo" que se chamaba Rafael González. Amais, era unha fase na que o *Ideal* se quería enfrontar á *Voz de Galicia* e o mellor terreo para facelo era o da "información rexional". Entón para min que nin bordado. Fixen sempre o que quixen, mais fíxeno sempre o mellor posible. Tiven que soportar durante seis meses uns seis intentos de procesos e sempre deu a cara por min Rafael González, si, si, sempre me defendeu. Do *Ideal* mandáronme a Santiago para cubri-la información universitaria. Teño que admitir que foi unha época de liberdade profesional real para min. Encargáronme tamén a información de barrios.

Daquela viviamos unha época moi dura, eran os anos últimos do fascismo, a represión era xa case arbitraria, e tamén era un momento crucial para as organizacións políticas. Na UPG decidírase pasar ás accións para conseguir fondos e para experimentar prácticas propagandísticas máis fortes, máis efectivas. Estaba todo moi bloqueado a nivel de información. Na prensa non se podía dicir nin sequera que existiamos. Decidimos formar un comando que chamamos eufemisticamente o "Fronte Militar", un pouco por mimetismo con ETA. A primeira acción do comando foi un intento de expropiación bancaria en Escairón para conseguir cartos, porque sobre todo necesitábanse cartos. Como paso seguinte planificamos unha acción propagandística magnífica e coido que foi, aínda hoxe, a grande aportación á renovación das técnicas de propaganda. Estabamos todos cansos de repartir panfletos. Eramos poucos e multiplicabámonos. Acababas de traballar e, veña, panfleteo toda a noite.

A través dos portugueses do PRP (Partido Revolucionario do Proletariado), experimentamos unha forma magnífica de espallar papeis cuns pequenos cartuchos de dinamita accionados por un mecanismo de reloxería. Había un paquetiño –unha caixa de farias– e a unha hora determinada, que ti lle marcabas no reloxo, empezaban a saltar polos aires tódolos panfletos. Fixemos isto por todo Santiago no Día da Patria do 1974. E tamén puxémo-lo reloxo programado para as seis e media da tarde á hora da saída da misa de Rosalía. Isto estaba considerado un acto de guerra naqueles anos, porque como o artiluxio funcionaba con reloxería, para eles significaba "poñer bombas". E outra volta a nosa inxenuidade, baseada na confianza a mansalva no pobo, que criamos –pola influencia do maoísmo– sabedor e seguidor das nosas propostas. No barrio da Cruz de San Pedro, en Santiago, puxemos nunha obra en

construcción o noso paquetiño á vista da xente, porque era 'pobo'. E a xente "popular" tomou a matrícula do coche e avisou á policía. A partir de aí, o de sempre: detiveron ó que prestara o coche, un avogado da Coruña, a min pasáronme inmediatamente aviso de que desaparecese porque me ían buscar. A policía foi a Castro de Rei e mais á casa da Coruña. Eu pasei á clandestinidade.

A partir dese momento desaparecín do mapa. Levaba traballando seis meses na prensa. Ese ano fora o 25 de Abril. En setembro a organización decide mandarme a Portugal. Era un momento bo para establecer unha base de apoio propagandístico e de relacións políticas. Isto foi probablemente o que me salvou a vida.

A represión intensificábase coincidindo coa caída en picado da dictadura. Dous meses antes da morte de Franco, foron fusilados presos de ETA e do FRAP, exactamente o vintesete de setembro.

Ó primeiro, eu en Portugal atopeime totalmente aillada e vivín quizais a miña peor época. O traballo era moi duro, os esquemas das organizacións moi ríxidos, non podía, practicamente, contactar con ninguén. Ía financiada pola UPG e, sobre todo, pola miña familia.

Nun principio dedicábame só ó traballo orgánico, ó traballo de infraestructura e de propaganda. Só mantiña contacto cos mensaxeiros que me ían levar, digamos, encomendas. Sempre digo que eses foron os meus anos de ter que ser adulta, e moi adulta e moi seria. Tiña vintetrés. A miña representación política esixía seriedade, non se me permitía ser doutra maneira. Despois nunca máis quixen ser adulta.

Os engaioladores ollos escuros de Margarita apártanse de min para se dirixiren non sei a onde. Por debaixo da súa firmeza e postura decidida, adivíñase unha enorme sensibilidade.

Recupera o fío de contado.

Á medida que o tempo foi pasando, as cousas variaron.

Atopei axiña unha grande solidariedade entre os portugueses, aínda que eles non entendían ren da cuestión nacional nosa. Mais mostráronse moi achegados a nós, ata tal punto que se creou o lectorado de galego na Universidade do Porto, estando de Decano o Dr. Oscar Lopes, e eu empecei a traballar como lectora de galego en Letras. Ó ano seguinte introduciron unha asignatura chamada "Comunicação e Cultura de Massas", que cadraba máis coa miña formación.

Pola radio tiven un espacio clandestino, nunha emisora estatal, Radio Clube Portugués, tódolos xoves, dentro dun programa

chamado *O Norte, Día a Día*. Era un espacio de axitación, con consignas e información censuradas, que non sei quen escoitaría. Os militantes si que as escoitaban e iso daba moita forza, moito alento. Chegábanche as consignas polo aire, era magnífico como xogaba a propaganda. Eu sempre crin moito nas mecánicas propagandísticas. En Portugal elaboramos grandes carteis, fixemos cousas moi ben editadas, aprendemos a presentarnos como unha Organización con maiúsculas.

Alí, despois do Vintecinco de Abril, non corriamos ningún perigo, vivíase unha época revolucionaria espléndida, cun apoio total á causa anti-fascista.

Todo iso acabou logo, en novembro do 1975.

Foi realmente unha época dourada, refírome á revolución portuguesa, unha época magnífica, e foron moi valentes os portugueses connosco. Alí non tiven problemas, só cando pasaba clandestinamente para aquí. Por exemplo, no verán do 1975 pasáronme. Aquel verán asasinaron a Moncho Reboiras. Os meus contactos caeron, os responsables estaban ilocalizables. Fiquei descolgada na zona de Vigo. Dende alí dei enviado un mensaxeiro. A mesma noite de recibir o aviso os portugueses artellaron o paso da fronteira.

Pasei seis veces a "raia", polo río, mesmo a nado; pola ruta "dos porcos", de tódalas maneiras e de tódolos modos.

Cando asasinaron a Reboiras, foron momentos especialmente duros. Houbo moitas caídas e, persoalmente, coincidiu coa morte dunha das miñas irmás. A Policía chegou a ir coa miña foto ó enterro, a Castro de Rei. Eu estaba agachada en Vigo e tiven axuda de galeguistas que non coincidían ideoloxicamente connosco, amais de tela de xente moi achegada. Lémbrome da protección moi especial que me prestaron Darío Álvarez Gándara e os seus ata o meu regreso, unha vez máis, a Portugal.

A partir das caídas do verán de 1975, chegaron ó Porto cáseque unha ducia de compañeiros e compañeiras. Así continuamos ata a amnistía. Pouco antes chegara, dende Francia, Carmiña de Cangas, á que nunca lle recoñeceremos dabondo a súa entrega.

Pero durante a miña estancia na clandestinidade, os pases foron arriscados e variados, soa ou con material, a nado, sentada nun pneumático, a pé, pola rota dos porcos, para adiante e para atrás, xa che dixen, de moitas maneiras. Os portugueses chaman a "rota dos porcos" á raia seca, que vai dende Chaves ata Ponte Barxa, por onde pasa o gando clandestino.

Coller, nunca me colleron, nunca, nunca. É máis: nunca pasei por ningunha situación de perigo certo, aínda que si de estar nun tris de caer. Asombroso, mais é así. Nin pasei tampouco demasiado

medo. Nunca houbo caídas nas fronteiras. Os gardas portugueses, por suposto, non se querían mesturar e cómpre dicir que a fronteira estaba tan saturada de contrabando que xa non miraban. Son cousas que a nós nos beneficiaron. As idas e vindas tiveron lugar durante algo máis de dous anos. A finais do 76 volvín.

Fun reclamar, por unha cuestión simbólica, testemuñal, o meu traballo anterior no *Ideal Gallego*. Non me aceptaron. Despois só traballei politicamente. De seguido nas primeiras campañas electorais e logo convencín á UPG de que facía falla un xornal.

Dentro da militancia tratei sempre de aplica-los meus coñecementos profesionais. É o terreo onde se rende máis. Eu pertencía ó Secretariado Político, digamos, o máximo órgano de dirección, a prepotencia dentro da dirección, coma en tódalas organizacións políticas.

Na prensa da empresa non podía traballar e o nacionalismo, pola súa banda, precisaba soportes de expresión. Influída por xente que editaba en Portugal a *Gazeta da Semana*, propuxen na UPG crear un periódico semanal, que era o modelo que dez anos despois aparece por primeira vez no Estado en *El Independiente*. En Portugal xa existía por influencia da prensa inglesa. Propuxen non un semanario, senón un periódico de actualidade, de información, con frecuencia de saída semanal. Pensaba nun modelo de opinión nacionalista con tódolos xéneros reflexados, collendo seccións de *A Nosa Terra* histórica, sobre todo aquelas que máis valoraban os feitos, o Cadro Branco, o Cadro Negro, a "Terra Asoballada", cousas así, as seccións máis orgánicas, máis, digamos, de enfrontamento.

Durante o verán do 77 preocupeime de face-la fórmula e mais de buscar un a un e propoñe-los posibles redactores fundadores. Había que formar un equipo de fundadores nacional e socialmente representativos. Sabes que nos anos 70 socialmente representativos eran un crego, unha muller, un socialdemócrata e xentes da Asemblea, que figurasen publicamente como Asemblea Nacional Popular, aínda que fosen da UPG, e algún nome do Partido. Un dos máis representativos da UPG era Bautista Álvarez. Ese papel de home bo sempre o cumpriu moi ben, e mais coido que é de certo un home bo. Xuntamos unha ducia de persoas, deille á UPG os doce nomes e un día trasladámonos a ver a Zulueta, o notario de Marín, que era socialdemócrata e galeguista. El fíxonos toda a tramitación. Nos anos da transición funcionou moito esta axuda mutua fóra das diferencias ideolóxicas, un pouco ó xeito de como funcionou tamén o galeguismo durante a República. Así, por fin, arrincou a anda-lo xornal *A Nosa Terra*.

Foi a mellor época da prensa militante. A novidade nosa con-

sistía en non ser un periódico de encubrimento, senón un periódico de opinión. Houbo tempos cheos de urxencias, tempos de acusacións gravísimas, problemas a treu. Pero conseguímolo e moita xente profesionalizouse a través dese xornal. Foi escola de certo tipo de xornalistas. Creouse, por primeira vez na prensa galega, un equipo de fotógrafos, e o noso laboratorista, Fernando Bellas, que daquela estaba estudiando Medicina, converteuse en fotógrafo, un dos mellores fotógrafos.

Dos que iniciamos *A Nosa Terra*, eu fun a derradeira en deixala, pero tamén acabei por me ir despois de tres anos. Sentíame extenuada, cansa de obedecer, sen que interesasen as miñas propostas comunicativas, ata rabiar.

Esta fase foi moito máis violenta para min cá propia clandestinidade. Neste caso os problemas non viñeron de fóra, senón de dentro: os desentendementos nin se analizaban nin se debatían. E eu ía calando, ata un intre determinado no que sae unha información que unha especie de comisario-delegado da UPG non me deixa nin ver, na que se acusa ós detidos de "Galicia Ceibe" do verán do 80 de ser axentes de Rosón. E eu aparezo, nominalmente como directora, avalando iso. Decido racha-la rutina e anuncio, con todo respeto, que deixo a dirección.

Ó pouco tempo expulsáronme da UPG. Internamente o rumor –primeiro síntoma de que vas ser castigada– condenaba que eu fora e falara nun acto civil, en Vilanova dos Infantes, cando morreu Luís Soto, o fundador da UPG. Foi un acto en honra da súa memoria. Luís Soto morreu como militante de "Galicia Ceibe", unha escisión dos antigos militantes da UPG, e aínda que non se me acusou abertamente de nada, o meu pouco creto interno estaba xa perdido. De alí a pouco era o congreso da UPG. Xa non me deixaron entrar. Avisáronme días antes telefonicamente de que estaba expulsada. Ocorreu así. Así de simple. Foi o Congreso que se celebrou no convento de San Francisco, en 1980. Nas preparatorias da zona de Lugo presentaramos –o portavoz era Darío Xohán Cabana– unha ponencia que fora aprobada, unha ponencia crítica respecto sobre todo á política de alianzas. Por teléfono tiven que deixar de ser militante dunha organización na que levaba loitando dez anos e pola que puxera a vida no taboleiro, como di Ferrín. Da-la vida. Si, si, foi así. E sigo apostando por ese programa político, en xeral.

Realmente, e fíxate ben, para min foron dez anos de hiper-activismo, porque alguén –e non eramos tantos– tiña que face-las cousas. Tamén é certo que, á fin, estaba cansa de tantas accións, pero cando te botan quedas un tempo abaneando no fío de arame, e eu estiven nese fío de funambulista un ano sen sabe-lo que facer no

mundo. Porque na prensa non me daban traballo e eu, que estivera exiliada, non quería emigrar. Para poñe-lo pé na terra, decidín reciclarme e face-la convalidación de Periodismo por Ciencias de Información. Fixen a tese de convalidación, un ensaio que publiquei despois co nome de *Prensa e Galeguismo*, unha análise de todo o proceso de galeguización da prensa dende o século XIX e o estudio monográfico-histórico dos vinte anos de *A Nosa Terra*, do 1916 ó 1936. Convalidei periodismo e saquei a licenciatura de Ciencias de Información en Barcelona, en 1981. No curso seguinte pedín unha beca da Fundación Gulbenkian para ir outra vez a Portugal, o meu país-refuxio. Fíxate que Cataluña e Portugal son un pouco as miñas referencias cando alguén me bota.

Pasei o 1982 en Lisboa. Despois o PSOE gaña as primeiras eleccións. Pensei que agora, por fin, nesa "racionalización" que se anunciaba, podería traballar nos medios de comunicación. Veño para acó. E nada, nada de nada, nin nos medios públicos coma a televisión ou a radio. Resistín gracias ó apoio afectivo e financeiro de miña nai e de acordo con ela decidín, outra vez, marchar.

Barcelona sempre me gustou e sempre me cadrou ben. Pensei, primeiro, en estar só o tempo de face-lo Doutorado e voltar. Doutoreime, especialiceime en Foto-Xornalismo, pero o camiño de volta seguiu mesto de máis.

Presenteime a unha praza de profesora na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Autónoma en Barcelona. En 1987 fixen as oposicións a Profesor Titular. É o meu primeiro traballo asalariado fixo. Ós trinta e seis anos.

Loitei toda a miña vida apoiada en todo polos meus. Mesmo os pisos de miña nai foron pisos francos da UPG. Os meus irmáns militaban ou colaboraban co partido, e vexo os meus privilexios moi vencellados á miña independencia de decisión.

Eu sabía dende había tempo –ó pouco de voltar do exilio– que ou cambiaban eles ou me ían expulsar a min. E eles non cambiaron... Cando chegou o momento, acepteino sen chistar, non xustifiquei nada nin pedín explicacións.

Nunca me desvinculei do Movemento Independentista. Seguín contactada con "Galicia Ceibe", estiven en tódalas campañas anti-represivas e anti-imperialistas. Seguramente a miña aportación é moi superior agora, mesmo debido á miña propia transformación. Supoño que agora son moito máis eficaz no que fago, porque tamén lle poño lindes á miña responsabilidade. Pero nunca máis me apañan nun sitio onde antes me expulsaron, iso téñoo moi claro. E que conste que tería moitas razóns para terme ido antes e nunca me fun, porque cría que para render máis era necesario estar organiza-

do. Hoxe xa non penso así. Coido que as formas de intervención son moi diversas. Hoxe non son tan unívocas. Pero eu saín dunha educación militante partidaria –a dos primeiros setenta–, que significaba moito para min.

Aqueles anos foron moi importantes e a Organización era a "paixón" da miña vida. Eu era unha persoa sumamente disciplinada, sendo persoalmente moi caótica. Polo tanto, impúñame unha grande autodisciplina e aprendín a peneirar moitas das miñas versións ou verquentes. Iso créache unha dobre vía na túa propia actuación, dobre vía que, por outra banda, case sempre tiven. Son, por exemplo, exhibidora, gústame moito a dramatización en curto. Recordo a época do Bacharelato, cando liamos a Sartre, os existencialistas todos por xunto, e eu quería sufrir, ser desafortunada, e apurei a época de lle contestar á familia, á relixión, á sexualidade católica, á carencia de política. É dicir, repliquei a todo ó mesmo tempo. Buscáballe os tres pés ó gato, inventaba con todo luxo adolescente o sufrimento para ir coñecendo os meus desexos. E coido que acertei.

Anos despois, na UPG, tamén me marcaba normas de actuación externa, sendo realmente eu moi desxerárquica. Pero tiña que xogar un papel moi xerárquico. De feito, chamáronme "Coronela" nos medios de comunicación. Esforceime en da-la imaxe de dirixente *ad usum*, sendo unha persoa moi variable e maleable. Fun deprendendo así o que é a identidade entre opinión e mais actitude, entre experiencia e conciencia, que as cousas son contradictorias para avanzar –é a base da dialéctica–, cousas que che doen, pero que sabes que che fan ben ó mesmo tempo. É coma cando remata unha relación afectiva, sabes que che fai ben que remate, porque se trata ó mellor dunha relación que te empobrece, que te cohibe, pero, con todo, pásalo mal, vives unha temporada pasándoo mal.

Deprendera de pequena, pola morte de meu pai e pola morte das miñas irmás, que a dor forma parte da procura da felicidade. Polo tanto, nunca neguei que, mesmo cando o estaba pasando mal, seguía a tirar de min para adiante, e podía pasalo ben ó mesmo tempo.

Botei un par de anos, de 1983 a 1985, en Barcelona, sen aceptar que estaba desterrada. Todo aquilo que me fixeron –no eido político e profesional– parecíame unha grande inxustiza e, no fondo, nunca o encaixei. Non o entendín nunca. Igual que foi inxusta por chegar demasiado cedo a morte de meu pai, e tampouco a aceptei. Non podo comprender esa morte. Pero a realidade é así. Paréceme tamén inxusto como me botaron fóra de Galicia no 83. Pasei dous anos en Cataluña pensando que ía voltar. É máis: collía tódolos

meses o autobús e ía a Lugo, ¿entendes? Só cando me pechei para face-la tese me decatei de que non existe retorno para min a Galicia e comeceime a sentir enteira, agora si, en Barcelona, a lle querer máis ca nunca a aquela cidade.

Falou case sen parar e interrompe a conversa agora por uns intres. Ten as ideas claras e coherentes coma poucas persoas. Érguese para botar unha ollada pola fiestra. Hoxe temos un deses días de sol que tanto aparecen nos meses primaverais pola nosa terra.

Volve sentar no sillón e segue coa súa voz crebantada.

Eu sempre ando entre opcións. Como son moi desxerárquica, moi contradictoria, teño que tomar decisións, porque, senón, non faría nada. Tódalas cousas que fago son consecuencia dunha decisión que quizais razoe despois. Ás veces son escollas que me amolan, que me mancan, pero sei que son necesarias e que non extorsionan a ninguén.

Si, si, estiven moitos anos despois da morte de meu pai enganándome a min mesma. Apartei a imaxe del para me convencer de que non ocorrera nada. Un bo día decido que teño que recupera-la súa memoria, era moi importante para min acepta-la dor, saber que morrera. Agora vivo sempre coa súa memoria, ¿entendes? Tomei esa decisión, e agora sei, con intelixencia, o importante que el foi para min: un home moi xeneroso, excepcional, nada corrente, moi elegante, dun grande gusto en tódalas cousas, liberal e progresista no senso complexo e profundo da palabra, moi respetuoso coa opinión inclusive dos nenos, dos fillos en particular. Gustábanlle moito os agasallos. A min sempre me gustaban as cousas na cabeza, as puchas, entón el comprábame gorras, ¿entendes? Teño os aneis que lle mercou a miña nai –ó casar foron a Madrid e viron a estrea de *Bodas de Sangre*– e que agora miña nai fíxome o agasallo deles. E así, a través da súa memoria, recuperei moitas cousas que eu tiña acochadas por temor á dor: recuperei a lectura, volvín ler.

Meu pai facía vida caseira, era un home moi sistemático, supoño que influía tamén que era delicado. Traballaba moito, prestaba grandes servicios, era moi querido, moito. Era discreto, pouco extrovertido, aínda que fose animoso, e agora ese seu perfil recupereino con toda liberdade. Mais non hai moito tempo. E esa recuperación non foi nada fácil para min. Foron case quince anos dende o 1968 de negarme a ve-la realidade e busca-la memoria perdida. É cando a dor chega a ese punto no que te vai deixar de acurralar e ponte no brete de amplia-la túa sensibilidade. Tamén agora vou en-

caixando o que me fixeron, aínda que mal. Odieinos durante bastante tempo a todos. Odieinos un a un, non á organización, nin ó programa: odiei as persoas e fun observando o seu devalo, como a súa razón se esfarelou e como moitos xuíces remataron en vías variopintas e mesmo anti-nacionalistas e anticomunistas.

Eu vivo do meu e, fíxate, se tiven, tiven homes a mantido, coma as costureiras. Nunca ó revés. O home-*maridito* é unha figura na miña vida que nunca soportei. Nunca tiven mozos de verdade, sempre ligues, e amigos e camaradas e afectos e enganches e encandilamentos... Nunca casei, nin teño en mente facelo. Nunca tiven nenos, nin os vou ter, coido eu. Tomei esa decisión importante de estudiante. Daquela era militante e non estaba ben pensar nesas cousas. Nos anos nos que a xente pensa en casamento e nos fillos, eu estaba nunha fase na que tódalas referencias pasaban pola loita política.

Decidimos cortar, porque ó final xa non tiña voz. Continuamos un mes despois. Xuntámonos outra vez no "Derby" e agora Margarita estaba chea de forzas e coa voz totalmente recuperada.

Teño un carácter forte e coido que a miña fórmula de vida –antes propiciada pola militancia, o exilio, o troco constante de lugar, agora porque me afixen e porque así o decido como ámbito íntimo– é vivir soa. Non rexeito os homes, se iso é o que queres dicir, pero gústame vivir soa máis ca en compaña. Estou máis preto das relacións múltiples ca dunha soa. Estou máis pola complicidade ca polo complot. Agora ben, ás veces estás unida a persoas que dependen de ti e nunha situación de dependencia resulta difícil deslindar cuestións, e é doado deixarse estafar polo "fraco". Felizmente, as cousas non son para sempre. E dende o meu espacio relaciónome mellor coas cousas, incluídas as afectivas. A miña norma de vida persoal é vivir soa. É o que estou facendo. Paréceme moi improbable que conviva con outra persoa algún día. Pola contra, sei o tipo de persoa que me conmove, quizais porque estou moi a gusto soa. Niso do emparellamento –sometemento– pasoume un pouco coma na UPG: son facilmente extorsionable. Ó ser moi desxerárquica, cedo moito máis; entón unha persoa hábil e cínica incúlpate sempre e fai contigo e para ti mesma codificacións aberrantes.

Considérome feminista na versión máis tensa da palabra, por me identificar eu como muller que son, por me diferenciar do mundo do home, do valor-varón. Son feminista no sentido de me sentir moi ben como muller e de saber que custa traballo e que é un pro-

ceso longo. Aí están as miñas cousas de creación, nas que se manifesta o que digo.

Gústame moito a linguaxe, a comunicación a través da linguaxe. Coido que a escrita de creación é o ámbito idóneo para experimentar tódalas técnicas comunicativas, para arriscar toda unha serie de formularios e de senso da linguaxe. Gústame moitísimo o proceso de experimentar, intercambiando tódalas miñas adhesións, que son máis do terreo non literario ca do literario. Son, sobre todo, visuais e musicais.

Gustaríame facer cine. Querería facelo. Coido que a miña película terá que ser un tema puntual de historia-ficción. Chamarase *Carta Postal*, en homenaxe á Escrita. Gustaríame realizar unha especie de fin de ciclo, penso en *Il Gattopardo* de Visconti. Atráeme a época dos vinte, porque foi un período de transformacións, e penso que foi tamén o período do noso grande fracaso nacional, do fracaso da "Xeración Nós", cando se demostra realmente que non hai burguesía nacional e que o proxecto deles era inviable. Eu faría a película desa ausencia.

Observamos durante uns segundos de silencio as mulleres presentes no local. Curiosamente, hai alí máis mulleres ca homes. Temos que falar da muller galega, como non.

Atráeme máis a muller galega cá catalana, ¿ti que pensabas? Galegas e catalanas, como estereotipos, son socialmente dous tipos de muller distintos. A catalana de referencia –a que sae na prensa– está integrada de cedo nos circuítos de producción industrial e é accionista-propietaria industrial. A muller de aquí non, é propietaria agrícola, conductora de tractor, emigrante ou muller de emigrante; é nai, porque é centro da unidade económico-familiar. A catalana ten que ser competitiva, porque está no capitalismo de organización. A galega está no capitalismo colonial, ten que servir ou ten que se revirar. E coido que o fai ben. Foi protagonista de moita historia e de moita intra-historia: aparece dende a literatura de "Cordel" –a muller loba– ata a literatura culta. Nas *Cantigas*, por exemplo, a muller é unha grande protagonista.

Lin un día unha sección de prensa preciosa de Italo Calvino, na que facía unha comparanza das mitoloxías do mundo mediterráneo e do mundo atlántico. Di que o mundo mediterráneo é un mundo moi ordenado, moi ben xerarquizado, onde os Deuses son os Deuses e os homes son os homes e hai unha relación normativa entre uns e outros. Do mundo atlántico di que é un universo mitolóxico caótico e desxerárquico, no que os Deuses e os homes son todo

ó mesmo tempo e se enganan, non se fían, un universo totalmente cambiable-mudable e insustituíble para a creación. Italo Calvino fai unha comparanza de mundos culturais diversos e neste senso Cataluña sería totalmente mediterránea e Galicia sería atlántica: aquí podemos dialogar cos Deuses, enganalos; existe esa relación de ti a ti, por exemplo, coa morte, universos ricaces que forman parte do noso mundo literario.

A muller galega é moitas cousas ó mesmo tempo, a catalana é só unha cousa, como dominante.

A portuguesa xa non a coñezo tanto, non me atrevería a xulgala, porque en Portugal conectei só cun grupo determinado de xente, cun grupo de amizades directas, e nun periodo moi particular polo tanto era un mundo, ata certo punto, limitado. O que podo dicir das mulleres portuguesas que tratei é que son mulleres elegantes, moi cultas, grandes emprendedoras, moi activas. Repito que é só un grupo social determinado paralelo a min e que cheguei a coñecer ben, a muller politizada e universitaria.

Para nós, as mulleres, coido que é difícil xogar un papel destacado, quizais por ser Galicia un país de ataduras. O home aquí sempre foi moi mimado pola muller, que creou unha especie de maternalismo ata o ridículo. Os homes públicos están sobre peañas de muller, e a muller baixa a facer de sostén.

Eu vivo fóra de Galicia, mais coido que, se me deixasen traballar en liberdade profesionalmente aquí, conseguiría as mesmas cousas, sería a mesma que son. Só sería diferente se me limitasen as miñas múltiples versións e expresións intelectuais.

Unha cousa é evidente: unha muller, sendo do secretariado do Comité Central dunha organización galega comunista, é moito máis notable ca un home. E se eres "xornalista e escritora" e tes que andar un tempo na clandestinidade, chamas máis a atención, é máis sabido, porque es muller. Cando unha muller pon "bombas" ou emprende unha acción, a repercusión é moito maior e amplíase en milleiros de rumores. De min chegaron a dicir que roubara a pólvora dos fogos do Apóstolo no 1974.

Profesionalmente pasáronme factura –aínda que é cativa a factura que me poden pasar–. Non me quixeron en ningún sitio, debido á miña militancia. A prensa pechóuseme totalmente. Houbo homes que loitaron comigo e hoxe están colocados na prensa. Houbo homes que eu formei, xornalistas que formei cando entraron en *A Nosa Terra*, en sendo estudiantes, e todos eles agora están traballando en xornais e con responsabilidades. E xa ves, eu non. Pero non son só os medios privados, senón tamén os medios públicos, centrais e autonómicos.

O que sei é que todo o que fago, o que investigo, vai estreitamente vinculado a Galicia. O que non vou admitir baixo ningún pretexto é que me boten outra vez de Galicia, porque non teño madeira de mártir e non estou disposta a pasalo mal por capricho duns cantos, a que me chuleen. Eu fun realmente chuleada por este país, si, si, dígoo así de claro.

O meu meirande lecer pode que sexa o cine –é onde máis choro–, os concertos de música contemporánea (Pierre Boulez é un dos meus creadores preferidos). Digo sempre que para min a creación empeza no ano 1913, cando Stravinsky comeza a escribir *A Consagración da Primavera*, ou cando Malevich crea o Suprematismo. No 1913 naceu miña nai.

Amais diso, gústame estar e falar cos amigos e cos encontradizos e viaxar, viaxar eu soa. Pásome viaxando, pásome comendo, pásome bebendo e pásome falando. A mesa, o feito da mesa e a sobremesa encántame, as mesas grandes con moitas persoas arredor, estando moito tempo...


Gústame a roupa, máis poñela ca mercala, pezas moi marcadas, moi cinguidas. Son moi exhibicionista. Non me importa o que di a xente, todo o contrario, encántanme os comentarios, non me molestan en absoluto, fanme gracia e son parte dos meus afectos.

Atráeme a creación plástica, a forma, o diálogo da forma.

Con todo, coido que son unha muller privilexiada, empezando coa educación que recibín, e pola familia, que sempre me arroupou, que sempre me deixou continuar. Sempre puiden decidir, dende pequena, o que quería facer, porque empecei a militar sendo moi nova. Para min a militancia política foi moi importante para coñece-lo mundo. Tiñas que crea-lo teu propio discurso, apañar nos materiais e organizalos. Empecei a escribir, busquei canles para editar. O exilio para min foi enriquecedor, igual cá clandestinidade, porque te relacionas doutra forma coas cousas e coas persoas. Deprénde-la importancia da diferencia.

Estánseme abrindo sensibilidades constantemente. Relaciónome ben coa xente, fixen aínda ben amigos e amigas, relaciónome ben coas cousas e comigo mesma, conclusión das miñas moitas versións vividas. Todo forma parte dun proceso que aínda variará.

Eu creo moito nos tempos circulares, para entendérmonos, e na coexistencia de tempos. Teño unha grande dose de inxenuidade e pago moitas veces por ela. Exposte a riscos. Agora ben, unha persoa que me fai unha putada, unha inxustiza, nunca máis ten trato comigo, deixa de existir para min. A miña memoria borra ese asunto ou esa persoa totalmente. Ata que a pille a xeito.



Co seu irmán Ramiro, no café.



En Bazar (1964) con Pili.




Con Petena en Outeiro (1967).




25 de xullo en Santiago (1977). Foto: *A Nosa Terra*.




Foto: *Xurxo Lobato*.



Con Manuel María en Xenebra. 1972.



Co fotógrafo Sebastião Salgado, a súa muller Lélia e Xosé M. García Crego (1988).



Con Reixa no Festival da Poesía do Condado (1981).